MOSTRA DE POETAS FERROLANOS DE EXPRESION GALEGA

selección, limiar e notas: xosé maría dobarro paz

Ateneo de Ferrol
Un lugar de encuentro para la cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 20 - Ferrol
www.ateneodeferrol.com

ATENEU FERROLANO

MOSTRA DE POETAS FERROLANOS

DE

EXPRESIÓN GALEGA

Ferrol, Día das Letras Galegas de 1978

INDICE

Prefacio ——— p. 5
Fernando Esquío .. ——— p. 7
Domingo Díaz de Robles ——— p. 8
Alberto Casino ——— p. 9
Xan López Muñiz ——— p. 12
Benito Vicetto ——— p. 13
Xosé López de la Vega ——— p. 14
Santiago Montenegro e Villamor ——— p. 16
Quintín García Calvo ——— p. 18
Xan Gómez del Ferrol ..... p. 19
Manuel Corselles Coimbra ——— p. 21
Aurelio Ribalta ——— p. 23
Emiliano Balás ..... p. 24
Pedro Subiela ——— p. 25
Xosé de Vela-Hidalgo ..... p. 27
Francisco Cabo Pastor ——— p. 28
Nicolás García Pereira ——— p. 30
Dictinio de Castillo-Elejabeitia ..... p. 31
Xosémaría Pérez Parallé ——— p. 32
Ricardo Carballo Calero ——— p. 35
Ernesto Guerra da Cal ——— p. 38
Carlos Prado Nogueira ——— p. 39
Mario Cousciro ——— p. 41
Maruxa Orjales ——— p. 42
Antonio Martínez Barcón ——— p. 43
Bernardo Máiz ——— p. 44
Vicente Araguas ——— p. 46
Pedro Blanco Llano .. ——— p. 47

PREFACIO

Hai certo tempo que se nos ocurrŕu recoller a obra poética en galego de todas aquelas persoas que tivesen nado en Ferrol ou no seu contorno. Este traballo pensóuse para o ir facendo pouco a pouco, mais a proximidade do 17 de maio, "Día das Letras Galegas", aconsellóunos o adianto dunha parte do mesmo para conmemorar tan sinalada data.

O motivo máis importante dos que nos levan a dar a coñecer todo isto é o de crer que nun achegamento de certos aspectos da cultuta a todos os nivéis é importante o localismo, porque á xente satisfaille identificar aos autores dos textos que está a ler, ou cando menos saber que non se trata de seres alleos senón de persoas que pisan, ou pisaron, as mesmas pedras que eles pisan ou que sofreron, ou sofren, muitas experiencias en común.

Outro dos motivos é o de presentar ou difundir o nome dunha serie de persoas que polo seu significado na cultura galega deberían de gozar dun mínimo de sona e estar presentes á hora de baptizar unha rúa, unha praza, unha agrupación ou un edificio. Homes tan esquecidos como Díaz de Robles, Alberto Camino, Aurelio Ribalta ou Guerra da Cal, por exemplo, deberían ser coñecidos por moreas de ferrolanos.

Con respeito á selección queremos precisar que, como xa antes indicamos, se tivo presente que o autor estivese inscrito no rexistro de nacimentos do concello ou de concellos colindantes, exceptuando os casos daqueles que se ten a certeza, mais non a seguridade, de que cumpren este requisiso. Deste modo non teñen cabida escritores da calidade de Tomás Barros, Xohana Torres ou Xavier Alcalá, todos formados e vinculados á nosa cidade,mais nados fora dela.

Tamén queremos indicar que o fin do traballo é mostrar e non xulgar e por esta razón aparecen misturadas obras dunha categoría excepcional con outras de baixa categoría. Asines-

no, o feito de non figurar máis que un poema por autor elimina todo xuicio de valor.

Para a representación dos textos buscóuse un mínimo de uniformidade. Con este fin fíxose necesaria unha grande reforma ortográfica d s poemas de Fernando Esquío, por razóns obvias de evolución lingüística desde o seu tempo, de Aurelio Ribalta e Guerra da Cal. No caso de Ribalta por escreber nunha lingua foneticista (qe, karballos, nobos...) e no de Guerra da Cal por utilizar, en busca dun achegamento ortográfico ao portugués, representacións hoxe alleas ao galego (nña x · · a) ou atribuir distinto valor fonético a grafías tradicionáis galegas (minha x miña). No resto dos escritores limitámonos a transformar g,j en x nos casos en que se empregaban como grafía etimolóxica e que podían levar a entendelos como os castelán (longe, juntado), así como a eliminar algúns acentos e guións, casos todos que hoxe están en desuso.

A excepción, por expreso deseo do autor, constituia Pérez Parallé, no que podemos ver n-azur, d-estrelas, po-lo, â, cò...

No que fai referencia á lingua, tanto no léxico como na morfoloxía ou na sintaxe, nada foi modificado. Deste modo aparecen unha grande cantidade de incorrección lingüísticas que , se cadra, tería sido interesante comentar. Asimesmo, algúns traballos deste tipo van acompañados dun pequeno vocabulario contendo as voxes que pudesen semellar menos comprensíbeis. Nós crenos que é máis beneficioso proscindir del porque deste xeito o leitor interesado en comprender algún termo acudirá a un dicionario, feito que o incitará a coñecer máis termos que o simples que vai percurar.

Finalmente queremos indicar que a nómina , con toda certeza, non debe de estar completa e que nela faltarán autores mortos e vivos.

Xosé María Dobarro

FERNANDO ESQUÍO (século XIII ?)

Mui pouco é o que se sabe da orixe e da vida deste trovador. Non obstante parece que pertencéu á familia deste nome que vivéu en pasados séculos en terras da comarca ferrolana. Segundo a edición que da súa obra fixo a profesora italiana Fernanda Toriello (1976) foi autor de 3 Cantigas de escarnio, 5 de amigo e 2 de amor. A que reproducimos pertence a estas últimas.

O voso amigo, así Deus me empar,
vi, amiga, de vós muito queixar,
das grandes coitas que lle fostes dar,
des que vos "el vira".

Polo seu mal vos fillóu por señor
e, amiga, sodes del pecador,
e diz que morte lle foi voso amor,
des que vos "el vira".

Polo seu male queixóuseme ende
ca el morre e de vós nunca atende
se non coitas que sofre por ende,
des que vos "el vira".

DOMINGO DÍAZ DE ROBLES (Ferrol 1812-Madrid 1867)

Foi militar e estando destinado en Santiago tomóu parte activa no desenvolvimento do noso Renacimento literario, formando parte da Academia literaria de Santiago e colaborando nos diarios galegos da súa época. Escrebéu en galego e castelán. Na antoloxía manuscrita Coleccion de Poesías Gallegas (Pontevedra 1865) de Xosé Casal e Lois, que se conserva no Museo de Pontevedra aparecen os seus poemas galegos "O inverno", "O dous de noviembre", "O baile", "A Fervenza" e "Xan namorado", así como 8 romances, a un dos cales pertence o anaco que reproducimos.

ROMANCE

Subín ao monte Brión,
subín ao monte Consello,
subín ao monte Chamorro,
subín ao monte Campelo.

Ao monte Ancos, que aguanta
sobre os seus hombros o ceo,
e tamén dos Coroados
foi chamado en outro tempo.

Ao Priomez, antigo castro
sobre a beira dun regueiro,
ao Monte-Faro, que ten
sen frades un bon convento.

Desde eles vin moitos vales,
veigas, montañas, outeiros,
mares, lagos, ríos grandes,
e tamén ríos pequenos.

A vista non se fartaba
de ver tanto mar e ceo,
de ver tantos campos verdes
e picos de serras lexos.

ALBERTO CAMINO SIGUERT (Ferrol 1820-Madrid 1861)

A pesar da súa escasa producción podémolo considerar como o máis importante poeta do noso Renacimento anterior á aparición das grandes figuras, Rosalía, Pondal e Curros. Dous dos seus poemas, "O Desconsolo" e "Nai chorosa", tiveron unha grande sona e influiron na obra de varios poetas da época.

O poema que insertamos foi publicado no xornal madrileño La Esperanza (23-6-1858) e nunca foi recollido en libro.

¡COITADIÑO!

Tostado do sol e ar,
nun pardo bote lixeiro,
iba un pobre mariñeiro
cortando as olas do mar.

Ledo estaba,
e así cantaba:
"Cuando me vexas, Lucía,
que alá estarás na ribeira,
¡qué alegría!
¡cál te porás falangueira!

Mil peixes collín nas redes
e nos anzuelos benditos:
Vedes, vedes,
¡qué gordos e qué bonitos!

De contento [illegible] vou tolo,
poréis "majo" a Santiaguiño,
¡qué consolo,
ter que dar ao meu filliño!

Muller, ti tamén terás
unha gala, que a mereces,
¡cántas veces
con ela te lucirás!".

"Mariñeiriño,
que cantas alegre, non remes pasiño;
mira que o vento
arrecia, o mar brúa; non perdas momento".

Chegóu unha ola fera,
que o austro súpito arromba;
e como no bote dera,
abaneando o erguera,
e faille do mar a tomba...
Mais inda non, que torneu
a erguelo, abala que abala;
non dá o mariñeiro fala,
pois cal morto se quedou.

Agarrado ao pau se vía,
todo mollado e temblando,
e co corazón chamando
a Dios e á Virxen María.

Nesta aflición, por acaso,
pudo a ribeira alcanzar;
xa á espera na beiramar
co neno lle sal ao paso.

Salvarse entonces creendo,
xunto ás penas atracaba;
pero ¡ai! que unha ola brava
veu da resaca fervendo.

Cía o bote, contra a ola corre
do lado oposto bruando;
érguese o barco abalando,
e oíuse "¿quén me socorre?".
"¡Socorro!" unha muller grita;
"¡Papai!" balbucea un neno;
"¡Socorro, Virxen bendita!"
"Papai", "¡Socorro!; ¡o que eu peno!".

A estas probes voces, solas,
un grande bando responde,
e un ¡adiós!, que o mar afonde
baixo as roxentadas olas.

¡Un cadáver,
uns aparellos e táboas,
peixes mortos,
unha muller que chorabe,
un miniño
que no chorar a acompaña,
mariñeiros
que tristemente miraban,
de alí a pouco
foi o que se veu na praia!

XAN LÓPEZ MUÑIZ (Ferrol ?-Habana 1894)

Da súa vida só sabemos que viveu na capital antillana desde 1841 e que alí desempeñóu diferentes cargos oficiáis. No Album de la Caridad (A Coruña 1862) figura un fragmento dun romance que compuxo na Habana en 1850 do que nós só reproducimos uns cantos versos.

Á NOSA PAISANIÑA A SIÑORA DOÑA JOSEFA M. DE E. NOS SEUS DÍAS

¡Ai costumes de Galicia!
¡Ai terriña a quen amamos
tanto coma o sangre noso,
como a nosa vida tanto...!

Ai, sempre mentras tan lonxe
de vosoutros nos topamos
estará o voso recordo
no noso peito gardado.

¡Queridiño chan en donde
fomos ó mundo botados...
aló donde ti te atopas
está todo ben xuntado!

Aló sí que se divirten
todiños ó seu regalo,
ricos, probes, mozos, vellos,
labradores e artesanos.

Aló todo é romarías,
todo festas, todo santos,
todo praceres e grorias,
foliadas todo o ano.

E acó neste ardente crima...
¡nosa xoia!, ¡mal pocado!,
o mesmo en vran que en inverno,
fora dos bailes e treatos
leve o demo se un atopa
nada que lle alegre o ánemo.

BENITO VICETTO PÉREZ (Ferrol 1824-1878)

Orfo mui axiña de pai a falta de recursos económicos impedíulle completar os estudos de guardiamariña que tiña comezadose tivo que conformarse con pasar a súa vida ocupando postos de funcionario de diversos organismos. Foi colaborador e redactor de diferentes publicacións periódicas galegas e foráneas chegando a ser director dalgunha delas. A maior parte da súa vasta obra está escrita en castelán sendo o máis importante dela a Historia de Galicia (7 volumes) e as novelas históricas, nas que reconstrui as lendas galegas medieváis. Tamén cultivóu o teatro e a poesía. O que se lle coñece en galego redúcese a tres poemas: "Los Montenegros" (A Coruña 1860), "Cantiga dos Borboriños" (A Coruña 1861),que forma parte da novela El lago de la Limia, e "Ti e eu. Sono dunha noite de vrao" publicada en El Museo Universal (Madrid 10-8-1862).

LOS MONTENEGROS

--Mal feridos cabaleiros
que hoxe da batalla vis
¿non me vedes polos campos
non me conocés a min?

--Filla do rei do Fabila
ben te conoscemos, sí,
princesa dona María
¿a dónde vades ansí
correndo de río en río
polos montes do país?

--Vou buscando meus tres fillos
¿non os vides por ahí?

--Filla do rei detencdvos,
pois a vostros fillos vin.

--¿Dónde están meus cabaleiros?

--En Montebranco do Sil
combateron corpo a corpo
cos mouros en brava lid,
e sendo tres contra moitos,
os tres morreron alí.

--¡Montebranco, Montebranco!
¿qué che fixen eu a ti?
¡Ou, Montebranco, ti eres
"Montenegro" para min!

XOSÉ I[illegible] DE LA VEGA (Ferrol 1825-Madrid 1888)

Mui novo emigrou a América onde cursou estudos de medicina chegando a facerse doutor. Volto a España colaborou en case todos os periódicos galegos, a pesar de que o seu espírito viaxeiro lle impediu permanecer muito tempo na nosa terra. Escreveu numerosos ensaios principalmente sobre temas médicos e galegos así como poesías en galego e castelán. Morreu na miseria. Coñecemos 3 poemas seus escritos na nosa lingua: "Galicia" e "Coitadiña", que figuran no Album de la Caridad (A Coruña 1852) e "Velando a miña nai", publicado en El Heraldo Gallego (Ourense 15-10-1874).

VELANDO A MIÑA NAI

Xa non te verei máis, miña naiciña,
xa non te verei máis...¿A dónde vou?
¡Morriche ti, morrícheme, velliña,
non sei qué negro fado te matou!

Eu quixera morrer tamén contigo,
porque sin ti de cote chorarei;
ti me dabas no mundo o meu abrigo,
e xa sin ti vivindo morreréi.

¡Adiós, quirida nai, adiós prendiña,
probe muller tullida, meu amor!
Moito sofriche ti, miña xoíña!
De ti fuxía o mundo enganador.

Ti sólo tiñas corazón e alma,
non sabías a naide maltratar,
por eso e ceo che dará a súa palma,
para xunta o Señor por min chorar.

Tamén eu chorarei hasta que morra;
cu ben na terra che diréi "nanai";
xa non te verei máis, corra que corra,
como tampouco xa verei meu pai.

¡Adiós, formoso sol lus dos meus ollos,
meu amparo, meu ben! ¡xa te perdín!
¡Adiós hasta outra vida, ¡pobre vella!,
roga á Virxen de cote por min!

Perdoa si o teu fillo malfadado,
ofendéute no mundo sin pensar;
¡perdoa, miña nai...son un coitado,
que o teu amor non quixen olvidar!

Recolle ti meu pranto, nanaicina,
ten piedade de min...¡perdoarás!
¡Adiós, ben do meu ben, ¡miña pombiña!
preto de ti moi pronto me verás!

SANTIAGO MONTENEGRO E VILLAMAR

Nada sabemos da súa biografía a non ser que no ano 1866 era mariño retirado, segundo se desprende do seu poema "Canto gallego á fragata Branca na súa entrada no Ferrol" que figura na antoloxía manuscrita de Casal e Lois. Supómolo ferrolano por estar vinculados a Ferrol tanto este poema como o outro que lle coñecemos recollido no Album de la Caridad e titulado "Ó príncipe de Asturias na súa entrada no Ferrol".

Ao primeiro destes poemas pertence o anaco que reproducimos.

CANTO GALLEGO Á FRAGATA BRANCA NA SÚA ENTRADA NO FERROL

"¡Viva Sabela segunda!
¡viva Alfonso de Borbón!
¡viva a Mariña de guerra,
honra da Hispana nación!"

A "Berenguela" e a "Branca"
a "Mansa" e a "Resolución"
son catro nenas garridas
bautizadas no Ferrol.
Neste Arsenal, cal hai poucos,
se fixeron con primor,
se armaron e tripularon
con mariñeiros mui bos.

Cando saliron do porto,
¿quén pensaría, ¡bon Dios!,
que tanta groria darían
ao pabellón español?
¿Quén dixera, ¡señoriños!,
que todos os seus cañós
habían de facer fogo
tan certeiro e matador?

Ir iban ben tripuladas
con homes de gran valor,
cheos todos de coraxe
contra aquel que os insultóu.
Nin a fame nin mal tempo
o seu coraxe mermóu,
tampouco as enfermedades
abatiron seu valor.

Así foi que pelearon
como si foran leós,
deixando mui ben cuberto
de España o precraro honor.
En Abtao e no Callao
se batiron como bos,
os barcos todos da escuadra
sin ningunha distinción.

Groria á Mariña española,
groria ao Xefe que a mandóu,
groria aos nobres Comandantes,
groria a Oficiacs tan bos.
Groria tamén aos maruxos,
groria ás nobres guarnicións,
groria a todos cantos foron
a vengar o noso honor.

Despóis de mil traballiños
volveu a Branca ao Ferrol,
e vímola entrar no Porto
galana como unha fror.
Tan boa moza como sempre,
tan guapiña como foi;
chegóu á terra querida
na que veu a luz do sol.

QUINTÍN GARCÍA CALVO

Pouco é o que sabemos da sús vida e obra. Foi redactor de El Águila, priemira publicación periódica ferrolana, e compuxo este soneto en galego dedicado á Infanta dona María Isabel Francisca, filla de Isabel II e irmá maior de Alfonso XII, cando en 1858 os reis e os seus fillos visitaron Ferrol.
O poema recólleo o Album de la Caridad.

A S.A.R. DOÑA MARÍA ISABEL FRANCISCA

A benvida darceiche, Sabeliña,
mais non podo falarche alegremente,
que teño que pensare tristemente,
cando falo de ti, miña xoíña.

Non penses que é do trono a fala miña,
que anque Reina non seias desta xente,
tes que reinar por forza eternamente
nos nosos corazós, miña vidiña.

Triste me eu poño, cando estóu mirando
esas gracias que tes, hoxe as primeiras,
e que xa nosa terra está admirando.

Doime que en tendo algunhas primaveiras,
te leve, sua ventura apregoando,
algunha desas cortes extranxeiras.

XAN GÓMEZ DEL FERROL

No Album de la Caridad figura o seu poema "O pleiteante". Considerando: ferrolano polo nome que acompaña ao poema que entendemos será un pseudónimo relacionado coa procedencia do autor. De fragmento que figura no Album de la Caridad reproducimos uns cantos versos.

O PLEITEANTE

Relación que un litigante chamado Farruco fai ó Cura da súa parroquia do que lle sucedeu no Tribunal da Cruña o ano de mil oitocentos trinta e sete.

Porque todos os da Cruña
son un feto de falsarios.
Eu habíalles de dar
cada día doce cartos
esto sólo para pis
que además, vaia contando;
eu dáballe para vaca
cada día doce cartos
e xuro a Dios nesta cruz
non comía tres bocados.
Daba tres cartos pra luz
e dous para garabanzos
e que non viña unha ducia
na cunca, podo xuralo.
Doce cartos para viño,
para repolo tres cartos
e pra touciño tamén
me lambían outros tantos.
O xamón, non digo nada
de conforme mo cobraron.
hastra a auga me fixeron
pagar os escomulgados.
Esto alí éllo por forza
que porfiar éllo escusado.

Dispóis o pior do conto
é que o caldo é pouco e malo,
porque o bico do pucheiro
sempre lle vai para o amo,
que con aquel e máis outras
anda mui ben colorado.
Permita Dios que no corpo
se lle volva
aínda un lagarto
deses arnaleos ben longos
e que non poida sacalo
hastra que eu chegare aló
e lle chante o meu arado.
¡Malos traballos os sigan
diñeiro que me lovaron!
Mais falta o pior do conto
que vou agora a contalo
que foi cando me dixeron
que me salía o meu auto
que, por Dios, me condanaba
nas costas e percesados.
¡Ai, nunca Dios che me dera!
estóuche ben amañado.
Esta sentencia é do demo
ou do fillo de Pilatos.
Veñan aquí os autos todos
que vou coller e queimalos,
e tamén no medio deles
esta tropa de falsarios.

MANUEL COMELLAS COIMBRA (Ferrol 1853-1925)

Dedicóu a súa vida ao ensino. Foi colaborador dalgúns periódicos galegos e director de El Correo Gallego. Publicóu numerosas obras de diferentes temas, sendo o seu drama Pilara (Ferrol 1920) a obra que lle deu popularidade no terreo literario. Como poeta gañóu un premio nos Xogos Floráis da Coruña de 1877 co seu poema "María Pita". O romance "Pensando en ti" aparecido en El Heraldo Gallego (Ourense 12-11-1874) é o único poema galego de creación persoal que lle coñecemos e a el pertencen estes versos que reproducimos.

PENSANDO EN TI

A la señorita Matilde R.

I

Cando da aurora a sorrisa
se tende nas sintas brancas
que douran as altas puntas
das lonxes verdes montanas;
cando os ceos se alomean
cos primeres da alborada
e nos campos se reflexan
os dolces cores da alba;
o respirar as cheirosas
estonces fresquiñas auras,
hermosa nelas vagando
te mira, Matilde, a ialma
"porque somente en ti pensa,
carrapucheiriña ingrata".

II

Cando na verde pradeira
o sol seus raios espalla
e as frores lle saúdan
cos prefumes que esparraman;

cando a súa lus se creba
dos ríos nas frescas auguas
que de frores o campo crusan;
mentras a terra resibe
do sol unha mirada
candente, nela te vexo
dando vida á miña ialma
"porque somente en ti pensa,
carrapucheiriña ingrata".

III

Cando o pastor na fontiña
canta amor á súa zagala
mentras os brancos cabirtos
depinican pola braña;
e os seus cantares doridos
cos airiños se entrelazan,
c co murmuxo dos ríos,
c cos ecos da montana,
oio que a túa voz mimosa,
con brando acento me chama
enchendo de amor o peito
ilusión que finxe a ialma
"porque somente en ti pensa,
carrapucheiriña ingrata".

AURELIO RIBALTA COPETE (Ferrol 1864-Chozos de la Sierra 1940)

Estudóu Dereito e Filosofía e Letras en Santiago, mais a súa vida profisional desenrolóuse en Madrid, onde foi funcionario da Facenda. Na capital do estado dirixíu unha importante publicación galega, a revista Estudios Gallegos (1915). O seu labor literario está recollido en tres novelas: Ferruxe (A Coruña 1894), O pastor de doña Silvia (A Coruña 1920) e O derradeiro amore (Santiago 1931) e en tres libros de poemas: Libro da Konsagrazión (Madrid 1910), Os meus votos (Santiago 1903) e Altariño de amore (Santiago 1935). O Libro da Konsagrazión, ao que pertence o poema que insertamos, vai acompañado dunhas notas sobre unha posíbel reforma ortográfica do galego á que se cinxía o autor nos seus escritos.

NO MONTE

Os carballos novos erguen cara o cinzo ceu as ponlas
postos en longa ringleira a carón do meu valado,
elí donde acaba o monte de xestas e de codesos.
Parez que co vento xemen penas moi bravas e fondas,
e que con dorida queixa, na soidade do agro
maldicindo están da sorte contra do anemigo ceo.

Xunto os meus carballos novos sentado no ceibo carro
istas feras soidades mismo cádranme o meu xeito,
sin que eu mesmo diqir poida porque tal sitio me gusta;
por qué sinto este refolgo cando o vento rosma bravo,
por qué teño ista amistade por un monte que é tan fero,
e polas cantigas roucas dos alboriños que brúan.

EMILIANO BALÁS SILVA

Médico ferrolano, foi presidente do Ateneo durante a vida desta sociedade na segunda República. A súa obra nunca foi recollida e só coñecemos del tres poemas galegos: "Cipriana" aparecido no Anuario del Ateneo ferrolano (1906), "Na morte de Curros Enríquez" en Galicia Solidaria (A Coruña 1908) e "Te envexo" recollido por Euxenio Carré Aldao na súa Literatura Gallega (Barcelona 1911).

TE ENVEXO

¡Te envexo, mar da Frouseira,
que pódeste desfogar
contra as penas da Mariña
e remexer o areal
cos teus tremendos cachós
que en escuma se desfán!

¡Eu te envexo, cando os montes
ordenas de asolagar
facendo tembrar o Cabo
coas ondas que mesmo dá
medo, no peito escoitalas,
brúa que te bruarás,
tumbando cos tronos, cando o raio
racha o ceo en desfeita tempestá!

¡Eu te envexo, pois gardo na alma miña
penas moi fondas que sofrir non fan,
e tendo o curazón esnaquizado
río en ves de chorar.

PEDRO SUBIELA

Desempeñóu a profesión de xornalista en Ferrol, mais non temos a certeza de que fose ferrolano. En 1902 estrenóu a obra dramática Genio y figura. Na nosa lingua escrebéu A volta do emigrante, que aparece na Literatura Gallega (Barcelona 1911) de Euxenio Carré Aldao.

A VOLTA DO EMIGRANTE

Tras moitos anos de longa ausencia,
ao fin te vexo, terra querida,
veño cos petos todos valeiros,
vello, sin forzas, a fe perdida.

Aquel tesouro conque eu soñaba,
atopar quixen en longas terras,
en van busqueino, din cen mil voltas,
trillando campos, montes e serras.

Loitéi coa sorte, que foi ben moura,
sempre de espaldas pra min virada,
e agora ao verte, miña terriña,
rico me atopo, non busco nada.

Me abonda, sólo, ver os pinares
onde as ruliñas fan os seus niños,
e as raparigas, lindas e ledas,
como aos rapaces dan seus cariños.

Eu nos teus eidos, querida terra,
son máis ricacho que un vinculeiro,
e remozarme sinto de novo
cando a alborada toca o gaiteiro.

Con alegría miro eu os prados
donde de mozo gando alindaba,
e un bico dinllo nos pés á Virxen
que está ha orexia dondo eu rezaba.

Enfermo e vello, a fe perdida,
xa nos teus eidos, ¡nada me importa!,
para mantermo, pobre bocado
irei pedindo de porta en porta.

Non quero nada de aquelas terras
onde non aman máis que o diñeiro,
non hai esfollas nin foliadas,
nin sona a gaita, nin hai pandeiro.

Aquí, Galicia, bendita terra,
que pra ser doce sempre te amañas,
quero, ¡terriña dos meus amores!,
morrer pobriño cal as arañas.

XOSÉ DE PAZOS E VELA-HIDALGO

Ferrolano, coronel de Infantaría, escribéu varias composicións en galego das que só coñecemos esta que segue, datada en Valladolid en 1907 e recollida por Euxenio Carré Aldao na súa Literatura Gallega (Barcelona 1911).

¡UNHA ALMA QUE SE VAI!

Eu sentín as badaladas
da campán do meu lugar,
no xardín da miña casa
en morna tarde de vran.

No seu colo, cal no berce
me arrolaba miña nai
pra adormexarme, cantando
en gallego seu cantar...

Ela oindo as badaladas
da campán do meu lugar
espertóume e dixo: "¡Reza
pola ialma que se vai!

FRANCISCO CABO PASTOR (Ferrol 1872-1973)

Médico, publicou na nosa lingua un libro de versos, Versos gallegos (Ferrol 1929), ao que pertence o poema que insertamos, e a novelliña Semprenoiva (número 13 de Céltiga).

A PAREXA DE PINZÓS

Era un pinzón que estaba tristurado
piando na silveira dunha chouza:
parecía chorar.
A femia engaiolada rebulindo,
facendo de reclamo, tolcaba
na gaiola, no chan.

O macho lle dicía no seu choro:
"¿Por qué non ven a morte agarimosa
a matar teu sufrir?"
I a femia respondeu, tan docemente
como unha volvoreta cando voa:
"Porque inda vives ti".

NICOLÁS GARCÍA PEREIRA (Ferrol 1900-1934)

Na súa curta vida publicóu o libro de versos Nó de saloucos e bágoas (Ferrol 1920) e a noveliña A Custureira (número 6 de Céltiga). O poema que incluimos pertence ao seu libro de versos.

MORRIÑA

¡Ouh a sorna galega deitado na cámpía
baixo a sombra amorosa dun vello castinciro,
lendo os libros de Curros, Pondal e Rosalía
i escoitando a irta música do eixo de ameneiro!

Despidas de pé e perna cantan as lavandeiras
de xocnllos na beira dun regato lavando.
Van collendo os cativos amoras nas silveiras
de camiño que levan a lindare seu gando.

Os carros pola estrada camiñan pasenino...
Agáchanse ós álbores, pra colleren un niño,
os nenos que fixeron de mica na escola.

Na campía risoña do meigo chan galego
nistas seras enchidas de brandura e sosego
unha doce morriña nosa ialma engaiola.

DICTINIO DE CASTILLO-ELEJABEITIA (Ferrol 1906)

Fixo as carreiras de Dereito e Filosofía e Letras. Oficial da Mariña de guerra, foi profesor dos Institutos de Murcia e Cartaxena. Tamén impartíu leccións de galego-portugués na Universidade murciana e ocupóu leitorados de español en varias Universidades europeas. Foi colaborador de varias revistas literarias e gañador de premios de poesía. A súa obra poética está case toda escrita en castelán. Obra en galego só lle coñecemos a que figura en algunhas antoloxías e os poemas do libro bilingüe Lirios de Compostela (Murcia1949), ao que pertence o poema que incluímos. Temos lido que publicóu un libro enteiramente en galego co título de O espello das bretemas, mais nós non o temos localizado.

GÁRGULAS

As gárgulas sempre choran
nas longas noites de inverno;
choran con pregaria triste
polas cousas que morreron.

Gárgulas da catedral,
das eirexas e conventos;
malencónicas, saudosas,
feitas de ritmos antergos.

As gárgulas sempre choran
con bagullas de misterio
nisas prazas donde cruzan
os estudantes e os cregos.

Choran nas pedras, a fío,
con ladaíñas sin termo.
Por súas carautas de monstros
óllannos mortos os séculos.

XOSÉNARÍA PÉREZ PARALLÉ (Ferrol 1909)

Cursóu estudos de Dereito e Filosofía e Letras en Santiago. A súa vida profisional estivo dedicada ao ensino. Ten participado e obtido premios en diferentes concursos poéticos. Os versos que reproducimos son dos últimos que compuxo e por tanto nunca foron impresos.

HIRMANDADE

Nunha banda, terra verde,
verde terra, noutra banda
i entranbas o mozo Miño
a fraternidade canta:
canción de paxaro ceibe,
romance ceibe das augas;
singradura ao mar de fora
dous pobos na mesma barca:
gaivotas albas do río
revoan n-azur estrada.

Nunha banda verde terra,
terra verde, noutra banda;
nos cumios das terras verdes
un sol de nova alborada
faísca
choiva
d-estrelas,
po-las terras verdegadas.

Nunha ribeira,Camiña,
e noutra ribeira,A Garda
i entranbas o mozo Miño
ás duas Donas lles fala
na língoa alouriñadora
de troveiros e de fadas;

na língoa das liberdades,
na co pobo berra e canta;
língoa da louce e do reno,
a do pazo e da cabana;
de Pondal e de Camoens
os bardos da nosa raza;
a das longas singraduras
de Os Eoas i Os Lusiadas.

Nunha ribeira, Camiña,
e noutra ribeira, A Garda;
solpor de balroventios
o vento risca nas augas
i-o Miño
doncel,
troveiro
de fados e d-alalalas.

Por unha banda, Galicia,
po-la outra, Lusitania,
i entranbas o mozo Miño
cancións de loita cantaba:
craveles roxos nos labros
e nos beizos rosas brancas;
as nans roxas de labouras
fan sementeira d-espranzas;
nos cimos dos verdes castros
agroman as labaradas;
nas campáns da liberdade,
brincan ceibes badaladas.

Por unha banda, Galicia,
po-la outra, Lusitania
iò vento as dúas bandeiras:
verde e roxa, azur e branca;

RICARDO CARBALLO CALERO (Ferrol 1910)

Licenciόse en Dereito e Filosofía e Letras en Santiago e doutoróuse nesta última carreira en Madrid. Desde mui novo estivo vinculado ao galeguismo a través das súas colaboracións nas publicacións galegas da preguerra e dos seu traballo no Seminario de Estudos Galegos, institución da que foi secretario. Actualmente é catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, membro numerario da Real Academia Galega e director en funcións do Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento".

É autor de obras tan importantes para a cultura galega como Sete poetas galegos, Historia da literatura galega contemporánea ou Gramática elemental del gallego común.

Dentro da literatura de creación escrebéu fundamentalmente poesía. Trinitarias (1928) e La soledad confusa (1932), en castelán, e Viciros (1931), O silenzo axionllado (1934), Anxo da terra (1950), Poemas pendurados dun cabelo (1952) e Salterio de Fingoy (1961), en galego, son os seus libros de versos se ben o seu labor poético vese incrementado con aqueles poemas que publicados en revistas nunca foron recollidos en libro. Tamén ten cultivado o teatro e a narración. Catro pezas (1969) recolle a súa produción dramática e A xente da Barreira (1951) gañόu o premio de novela da editorial Bibliófilos gallegos.

O poema que recollemos foi publicado xunto a outros cinco na revista Grial (Vigo 1977, número 57).

SOÑOS DE AMOR

Cinxida no teu pantalón de Arlequín,
o cabelo en pirámides atado por unha fita branca,
as praias dos teus ollos inundadas de fortísimo azul,
pasas randeante ante min, desde o arquivador á computadora,
xirifeira de máis para unha segredaria.

(Érgome de socato e poño as miñas mans nos teus cadrís,
o ti, ridiculamente sorpresa, pero finxíndote sorpresa simplemente,
botas atrás a cabeza como se refugases o bico;
mais cun arume de sorriso nos beizos, cunha moxena de sorriso nos ollos:
non fora a acobardarme, arrofiarme ou disculparme
e desistira de levar a cabo o abuso que o meu acto supón).

Endebén, ti pasaches, e eu non afastéi os ollos da mesa.
Foi soñando desperto como te aloumiñéi.

Chámome don Xan Pérez, da Casa Pérez Irmáns;
son xerente da firma: teño cincuenta e cinco anos,
dous fillos enxeneiros de caminos
e unha filla doutora en Filoloxía Clásica.
E unha señora Pérez, por suposto,
de carácter enérxico e rexa complexión.

Non sei qué pasaría se realizara o soño que agora soño
mentras parezo afundido en cálculos profundos de mercado.
Coido que todo comezaría como no soño que soño.
Ti finxirías, prudentemente, escasa resistencia.
Aparentarías ceder un pouco á forza
e outro pouco ao agachado amor
que dirías che inspiraba a miña persoalidade de capitán de empresa.
Eu tería o que quero: a arrecendente e louzana frol
do teu corpo demasiado escachapedras
para estar moito tempo engaiolado
antre as muradelas dunha oficiña.

Secomasí, non podo nin quero
pagar coa miña ruína o teu corpo froral.
Desexo manter as miñas posicións na sociedade en que me movo.
E malia o progreso social, aínda non é posíbel
un acordo explícito antre xerencias e segredaría,
do tipo de que a ambos nos interesaría acadar.

E unha relación clandestina non remataría ben.
Sería moi cara, e non a afrontaréi de ningún xeito.

Así que teño que verte de esguello
mentras cruzas randeante antre o arquivador e a computadora,
cinxidos os cadrís no pantalón de cadros de cores,
no alto da cabeza un moño atado por unha fita branca
e os ollos ben sombrados de tenebroso azul.

Chegará un día en que o progreso social e moral
permita que os xerentes abracen tranquilamente ás segredarias,
sin perxuício das funcións proprias dos seus respectivos cá-
rregos.
Mais ese día aínda non amenceu na nosa terra,
e hei de contentarme con verte pasar como unha especiosa ten-
tación,
mentras soño este soño que soño:
un soño inmoral que non tenciorrei realizar,
e que me consola moi imperfeitamente da miña obrigada seriedade
de empresario.

ERNESTO GUERRA DA CAL (Ferrol 1911)

É o pseudónimo de Ernesto Pérez Guerra. Desde 1939, en que se exiliou, reside nos Estados Unidos de América exercendo funcións docentes. Doutoróuse cunha tese sobre o grande escritor portugués Eça de Queirós. O galego que emprega é mui persoal e representa un intento de aproxinación ortográfica ao portugués. Ten publicados 2 libros de poemas: Lúa de alén mar (1959) e Río de sonho e tempo (1963). O poema que insertamos pertence ao segundo libro.

CANTIGA ANTIGA

Ai, amiga!

Eu sou amor marinheiro
s.marinheirino do mar ondas
Sempre por sobre das ondas
daminha alma a navegar
a navegar

Ai, amiga!

EU
naso mar
TU
no porto do teu corazón
dorida
Se algún día eu arribar...
é pra nova despedida

Ai, amiga!

Eu non sou para ficar
Eu sou amor de zarpar
e singrar
sen acougar
nunha perpetua partida
pelo mar da miña ialma
no barco da miña vida!

CARLOS PRADO NOGUEIRA

Abogado membro do Corpo Xurídico da Armada falleceu, sendo aínda novo, hai algúns anos. O poema que incluímos é o único en galego que lle coñecemos e pertence ao seu libro Del viento verdecido (1953).

-Lévame no carro,
mociña de Doso.

-Levar, levaréino
para o monte lonxe;
que vou por estrume
pra botarlle aos porcos.

-Se é lonxe ou non é,
andar máis non poido

Montei na carreta,
que foi pouco a pouco;
cheganos ao monte
e preto dos toxos
deitéime nun craro
dos que chaman cómaros.

Díxome a mociña:
-Se fora máis novo,
aí, como está,
non me dera noxo.

-Rapaza -lle dixen-,
que vellos non somos;
un home de trinta
non pasa de mozo.

-Abofé pasase,
que dáballe o corpo.

-¡Maldita rapaza!
-dixen eu-, ¿qué conto
che tras, nin qué argallas
con tal requiloiro?

Andiven tras dela
por antre os rastroxos;
a collín dun brazo,
leveina no colo
e ben bicadiña
deitéina no cómaro.

Quixo escabulirse
e apertéina a modo,
e deume tal bico
que foi o demoro.

¡Ánxel mellor feito
na terra non houbo!

¡Estaba máis limpa
que auga de arroio!

MARIO COUCEIRO (Ferrol 1920)

Periodista de profesión ten colaborado en muitas das publicacións galegas e gañado premios profesionáis. Foi un dos fundadores da revista ferrolana Aturuxo, unha das máis importantes da nosa cultura na postguerra. O poema que insertamos foi publicado na revista Nordés (A Coruña 1975).

AS ILLAS

Nós éramos coma illas aínda iñotas.
Nos outos e calados arbres
aletexaban os paxaros da esperanza,
e o mar batía, ruxente,
a soedá dos nosos corazós de illas.

Ás vegadas, un rubía polo tronco dun arbre,
e, dende a copa, ollaba fondamente o vento azul do mar.
I entón botaba un berro núo e limpo.
"¡Non é verdade que nós sexamos illas!
¡Ouvide a miña voz! ¡Ouvídea! ¡Ouvídea!".

Mais aquelo pasaba. Viña a chuvia
cernida polo tempo, e, xa esquencidos,
íamos a pacer a herbiña leda
que medra no recuncho da nosa soedá de illas iñotas.

Pola noite --no intre en que a lúa prateaba os loureiros--,
soñábamos que nós éramos homes e mulleres,
e que tiñamos fillos, e dor, e bágoas,
e ledicia vivaz, i esperanza nol.

Pro --seino eu--, éramos coma illas
espalladas nunha Polinesia infinda.
Lonxe, nci lonxe das rutas, na outra banda.
Sempre na outra banda, arredor de ren, no país de ren.
Terra cuias fenestras ábrense sobor da morte,
e por onde vai, coma unha illa acesa,
a regueifa quente e dourada do Sol

MARUXA ORJALES

Ten publicado algún libro de versos en castelán. Temos visto anunciado un libro con poemas galegos mais non sabemos se chegóu a facerse realidade. O poema que recollemos está tomado dunha revista de festas de verán do ano 1975 editada polo concello ferrolano.

FALADURÍAS

E din: eu son de familia probe,
son de fame, teño dereito.
E din: eu son de crase proletaria,
manda forza.

E din: eu son daquelo
que moita xente abafalla.
Son do traballo.
Ferreiro, obreiro, labrego, loitador.

E din: eu son de xente grande,
son de podentes, teño diñeiro.

Eu son un rapaz chic,
choqueiro por snob,
con nesta cultura e moita crase.

E, naide di a verdade que peta nas pupilas:
eu son unha persoa, un ser humán,
que busco de cotío a igualdá.

ANTONIO MARTÍNEZ BARCÓN (Castro-Narón 1942)

Tras pasar polo Seminario de Mondoñedo acabóu o bacharelato en Ferrol. Colaborador da prensa local traballa na actualidade en Fenosa. Grande afeizoado ás letras traballa na poesía desde hai algúns anos, mais a súa obra permanece inédita. En 1974 obtivo o segundo premio de poesía en castelán no I Certame poético "Ciudad de El Ferrol".

O VELLO MORTO NO ESPELLO

Xa sei. Marcharon dobrando os ancos azús da enpardecida.
Cicáis non volten náis, coma os nortos.
Pero aínda quedan anoiteceres espreitando nenceres narelos
no almanaque da cociña, e ao nellor un día
chega un recendo de rosquiñas quentes,
alcéndese unha lampadiña nas pupilas e voltamos
ás coller na nan.

En canto velamos os cadavres,
o nediodía rube empolíngrándose tal un neno
e queda atcáis a parede, as paredes superpostas
fotofixas nos espellos que ficaron vivos.
Namentras, o vello morre no faiado
cara ó calendario parado no ano vintatrés.

Debruzada, arquexada e o demáis, a dona comentóu
"outro que dobróu a muralla do ar".

E o espello nin se novéu cando caéu a figueira
e siguéu acadando tódalas mortes nó seu pozo;
tódalas luces, tódalas noites na consola verde.

Aquela mañán e a dona recolleron tódalas froles
coma quen fai as maletas definitivamente.

BERNARDO MÁIZ (Ferrol 1950)

Licenciado en Filosofía e Letras exerce a docencia nun Instituto ferrolano. Ten escrito algunhas cousas de poesía e prosa mais todo o seu traballo permaneco inédito.

RENASCER

I

Ficou o silencio.
Dempóis das bombas, dos disparos, dos ouveos dos cas da policía.
Nin paxaros, nin vento,
nin nenos, nin alento.
Nin siquera o pensamento reloucaba.
Así morreron:
puños contra cañós,
vocés contra fusís,
paus, fouces, gadañas, coitelos pra uns no 36.
Cascos, tanques, aviós, (cicáis o átono tamén)¿pra quén?
Mantívose a inxusticia.
A resposta está no silencio do alento dos embalses.

II

Galicia nova na miña casa
en nomes vellos i sonoros
no Seixo, Carme, Bernardo, miña muller i eu.
Roque e Boga, roxos coma deben ser tamén os cas.
Branco e azul hastra nos ducados pra fumar,
no sanguc xa verquido hai anos.
Sangue xa non máis...
Fouces ou martelos pra opoñer aos que,
cun nome hidroeléctrico,
afogar queren o berro de Galicia.

III

Xurdíu á nosa beira,
Xan Sebastián Gueivota,
coma alborada no berro da miña filla.
Unha "tocata e fuga en vó sostido" cara o mar.
Cantóu o merlo no camelio e Carme,
meneza inxel e núa,
dixo pra min: "paaaxaaaro".
Galega , cativa e renascente
que sinte xa o mel da nosa lingua.
¿Qué tedes vós, gueivota, merlo, Carme?
Cicáis, berrando forte,
a gueivota, o merlo, Carme, veredes`
a luz que nós non alcontramos.
I esprico:
Merlos cantaban xa no lume dos Irmandiños;
gueivotas voaron xa na Galicia Mártir.
Carme ¿qué fará pola terra?

VICENTE ARAGUAS (Ferrol 1950)

Nacéu en Xuvia [illegible] foi inscrito no rexistro En Ferrol. Cando cantante foi dun grupo fundador do grupo de cantautores Voces Ceibes. Licenciado en Filosofía e Letras é profesor de inglés nun colexio de Madrid. O soneto que insertamos pertence ao seu libro Paisaxe de Glasgow, que está a punto de sair do prelo.

E despóis ti, froito prohibido
nos anos da soedade e da quentura,
en que a dolor facíase envoltura
dun futuro nencer, e presentido.

Sabía que existías; por sabelo
arrinquéi os espellos do faiado,
a luz que latexaba; eu calado
buscaba o teu amor, quería telo.

Pro chegóu a tardiña: escuna-vida,
afondéi no buraco, busquei saída,
ó mainel, ó tempo, á traveseira
que soaba doce na vidrieira.
(O vento golpeaba os seus acordos.
Non importaba nada, éramos xordos).

PEDRO BLANCO LLANO (Ferrol 1957)

Cursóu estudos medios e na actualidade traballa en Astano. Afeizoado á poesía é un dos autores do libro bilingüe Poemas (1976) ao que pertence o poema que insertamos.

O SOÑO

Cando chegóu a noite
deitéime a cavilar no liniar da porta.
Ollando o ceo quixen contar os luceiros
e o soño envolvéume por enteiro.

Soñéi que vivira toda a vida
e que sempre fora libre sin sabelo;
que os homes eran todos bós
e que non había guerreiros;
que o mundo era terra de poetas,
que a maldade se fora pró inferno.
E non había cartos,
non era necesario o diñeiro.
Ti dabas, e cho daban;
anabas, e te anaban;
calabas..., e calaban.
Os homes eran todos semellantes.
A cor do pelello non importaba.
Endexamáis houbera guerras nin loitas,
e se traballaba polo riguroso turno de antigüedade.
Todas as bandeiras eran brancas
e as apertas das xentes verdadeiras.
As portas abríanse pra dentro
e podíase subir pola escada de baixada.
Só había ouro nos museus,
e ninguén roubaba.

O raseiro da igualdade estaba inmóbel.
Os homes non se avasalaban.
Co ferro non sabían facer espadas,
e todos falaban a mesma linguaxe
e as fronteiras sobraban.
O xeito de goberno era a paz,
e os ríos finaban no mar.

Logo, ó albor, espertéi, e...
vin un obreiro que
que bulía pró traballo.
Lembrando o meu soño sulagado
seguín o meu camiño, caminando...

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org